

PROGRAMA RE-ACCIONA

¿Quieres construir un futuro para a túa empresa? ¡ Re-Acciona!

8/11/2013: Convocatoria para PEMES de prazas para a realización de diagnósticos integrais de competitividade e servizos avanzados, dentro da iniciativa Re-Acciona (Proxecto cofinanciado con fondos FEDER)

Prazo de solicitude aberto ata completar os servizos dispoñibles.

Próxima asignación de servizos: 20 de decembro de 2013

O **IGAPE**, dentro da súa iniciativa **Re-Acciona** de servizos para as PEMES, convoca prazas para a realización de diagnósticos integrais de competitividade ou servizos avanzados de mellora da competitividade.

Os diagnósticos integrais teñen como obxectivo determinar cal é a situación actual da empresa nos eidos clave do negocio, os procesos e a cultura empresarial. Así poderá determinar a súa estratexia de incorporación continuada das vantaxes competitivas que aseguren a súa sostibilidade. O IGAPE realiza de xeito **gratuito** estes diagnósticos, apoiándose en axentes colaboradores especializados.

Os servizos avanzados inciden en áreas da profesionalización e desenvolvemento estratéxico da empresa, con fin de executar un proxecto de mellora modular e con resultados medibles. De novo, a execución apoia-se en axentes colaboradores coidadosamente seleccionados, e ofrécense aos prezos seguintes:

Servizo	Tarifa A	Tarifa B	Tarifa C
Optimización financeira/mellora do circulante	672,00	1.008,00	1.344,00
Profesionalización da produción.	950,40	1.425,60	1.900,80
Asesoramento para o relanzamento comercial.	672,00	1.008,00	1.344,00
Implementación de control de xestión/xestión por procesos.	1.218,00	1.827,00	2.436,00
Mellora da imaxe e comunicación empresarial.	784,00	1.176,00	1.568,00
Construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial.	738,00	1.107,00	1.476,00
Asesoramento no desenvolvemento de plans de acción.	1.200,00	1.800,00	2.400,00
Elaboración de plans e protocolos de empresa familiar.	900,00	1.350,00	1.800,00
Identificación de redes de cooperación e socios.	378,00	567,00	756,00
Asesoramento para a redefinición de negocio.	640,00	960,00	1.280,00

A tarifa A é aplicable a microempresas¹. A tarifa B é aplicable a pequenas e medianas empresas pertencentes a un cluster empresarial galego legalmente constituído. A tarifa C é a correspondente ao resto de pequenas e medianas empresas.

As tarifas, que se fixan de acordo coa orde 4/7/2012 pola que se establecen prezos privados (D.O.G. de 24/8/2012), serán incrementadas, no seu caso, co IVE aplicable.

Determinados servizos inclúen a participación de un bolseiro tutelado polo axente colaborador do IGAPE, por un tempo de entre 3 e 5 meses.

¹ segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (CE) nº 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto)



O programa Re-Acciona está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, ao 80%, Eixe 2, Tema Prioritario 09.

Dispónse de máis información sobre as características dos servizos na páxina informativa seguinte: <http://www.igape.es/reacciona>.

Proceso de selección:

A empresa solicitante deberá cumprir as seguintes condicións:

- Ser PEME.
- Ter a súa sé social en Galicia.
- Non ter solicitada a declaración de concurso, acharse declarados en concurso ou estar suxeitos a intervención xudicial.
- Específicas por servizo:
 - o Construción dun proxecto de futuro e plan de mellora empresarial: Ter realizado previamente un diagnóstico da empresa.
 - o Asesoramento no desenvolvemento de plans de acción: ter desenvolvido previamente un plan estratéxico que dera orixe aos plans de acción que se van desenvolver.
 - o Asesoramento para a redefinición de negocio: dimensión suficiente da empresa para o aproveitamento do servizo, e idoneidade do sector en canto a madurez e/ou contracción de mercado.

O IGAPE resérvase o dereito de rexeitar solicitudes por causas debidamente motivadas que impidan o normal desenvolvemento dos mesmos.

Para participar, deberá cumprimentar na oficina virtual do IGAPE (apartado "Confección de solicitudes (cuestionarios)") un cuestionario da liña IG190 (Solicitud de servizos Re-Acciona).

A aplicación da oficina virtual xerará unha solicitude que deberá ser entregada telemáticamente mediante firma electrónica, ou ben en papel no rexistro xeral dos servizos centrais do IGAPE, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992.

Asignación de servizos: coa periodicidade indicada en cada convocatoria como "**próxima asignación de servizos**", avaliaranse as solicitudes existentes. No caso de que as prazas dispoñibles para a realización de algún servizo non fosen suficientes para as solicitudes recibidas, estas baremaranse de acordo cos seguintes criterios:

- Segundo o número de empregados da empresa no último exercicio:
 - o 10 a 50: 25 puntos
 - o 50 a 250: 17 puntos
 - o 5 a 10: 6 puntos
- Segundo a localización da empresa:
 - o De Lugo, Ourense, ou as comarcas de Ferrol e Costa da Morte: 20 puntos.
 - o Dos municipios preferentes do anexo: 10 puntos.
- Ata 20 puntos por ter desenvolvido un diagnóstico previo ou plan estratéxico onde se poña de manifesto a necesidade do servizo solicitado (estes diagnósticos ou plans non teñen por qué ser os propios do plan re-acciona).
- Ter solicitado anteriormente un produto do programa Re-Acciona ao que non puidera acceder debido a non acadar a puntuación suficiente: 15 puntos.
- Pola asociación a un cluster constituído en Galicia: 10 puntos.



- Actividades preferentes do anexo: 10 puntos.

No caso de empate na baremación, terase en conta a orde de número de solicitude asignada, que se outorgará segundo a data de entrada da mesma no IGAPE.

O resultado da baremación e a adjudicación dos servizos formalizarase mediante acta da Área de Competitividade do IGAPE.

Execución do proxecto:

Tanto o diagnóstico como o resto dos servizos parten, en xeral, dunha formación conxunta das empresas seleccionadas, para a continuación pasar a aplicar a metodoloxía do servizo na empresa. O axente colaborador do IGAPE actuará durante todo o proceso como facilitador, aportando a metodoloxía de traballo e asegurando a calidade do mesmo. O proxecto desenvolverase como segue:

- O IGAPE comunicará aos receptores do servizo a súa inclusión na formación, ben como adjudicatarios dunha praza, ou ben como reservas no caso de que se cancele algún dos servizos elixidos en primeiro lugar
- Realizarase a formación inicial conxunta, na que se coñecerá en detalle a metodoloxía a seguir e os resultados que se obterán.
- Tra-la formación, a empresa debe manifestar ao IGAPE a súa conformidade para continuar, co fin de dar oportunidade aos reservas a dispor da súa praza no caso de cancelación. No caso de que o servizo teña custe, as empresas que decidan continuar deben aboar a tarifa do servizo no momento da confirmación utilizando o formulario de taxas habilitado a este efecto.
- Executarase o diagnóstico ou servizo avanzado. Durante a execución dos servizos avanzados que teñan a participación dun bolsreiro, o axente colaborador apoiarse no mesmo para desenvolver algúns dos traballos.
- O IGAPE avaliará, xunto coa empresa, o resultado do proxecto.

Condicións Xerais:

A solicitante:

- Acepta que os datos resultantes da execución do servizo, unha vez desvinculados dos datos identificativos da súa empresa, pasarán a formar parte dunha base de datos para a súa explotación multicriterio con fins estatísticos, de deseño de políticas públicas e de difusión de situacións empresariais.
- Comprométese a dedicar un mínimo de unha xornada laboral de algunha das persoas implicadas na prestación de servizo co fin de divulgar os servizos do IGAPE e presentar a súa experiencia.
- Acepta que poderá ser incluída nun listado público dos servizos prestados polo IGAPE.
- Autoriza ao IGAPE para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas cales o instituto colabore para os efectos de tramitar o servizo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Acepta que, os técnicos do IGAPE poderá participar en calquera das fases do servizo.
- Acepta que o importe anticipado non será reintegrado unha vez comezada a execución do servizo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas.



O IGAPE e as entidades coas que colabora comprométense a gardar a máxima reserva e segredo sobre a información clasificada como confidencial á que puideran ter acceso durante a prestación do servizo.

ANEXO:

**1) Municipios preferentes:
PROVINCIA DE A CORUÑA**

Abegondo	Dodro	Pino, O
Aranga	Frades	Porto do Son
Arzúa	Irixoa	Rois
Baña, A	Lousame	Santiso
Betanzos	Melide	Sobrado
Boimorto	Mesía	Toques
Boqueixón	Negreira	Tordoia
Brión	Noia	Touro
Cerceda	Ordes	Trazo
Cesuras	Outes	Val do Dubra
Coirós	Oza dos Ríos	Vedra
Curtis	Paderne	Vilasantar
	Padrón	Vilarmaior

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Agolada	Dozón	Oia
Arbo	Estrada, A	Pazos de Borbén
Barro	Forcarei	Ponte Caldelas
Campo Lameiro	Fornelos de Montes	Pontecesures
Cañiza, A	Lama, A	Portas
Catoira	Lalín	Rodeiro
Cerdedo	Meis	Salvaterra de Miño
Cotobade	Mondariz	Silleda
Covelo, O	Mondariz – Balneario	Vila de Cruces
Crecente	Moraña	Valga
Cuntis	Neves, As	

2) Sectores prioritarios:

- Sector auxiliar de automoción.
- Industria da madeira.
- Industria de transformación agroalimentaria.
- Sector moda (confección e complementos).
- Industria aeronáutica e auxiliar.
- Sector náutica deportiva e de recreo e auxiliar de náutica deportiva e de recreo.
- Sector químico e industria farmacéutica.
- Fabricación de material sanitario.
- Biotecnoloxía, biomecánica.
- Fabricación de equipos medioambientais.
- Fabricación de equipos e sistemas para instalacións de enerxías renovables.
- Eliminación, valorización ou reciclaxe de residuos.
- Servizos e desenvolvemento de software.
- Sector audiovisual e desenvolvemento de contidos.
- Centros telemáticos.